



1

A poboación  
xitana  
de Galicia  
A transformación

**e**n Galicia viven aproximadamente 9.000 xitanas e xitanos. Esta poboación distribúese en 150 núcleos de poboación nun total de 50 Concellos. As sete grandes cidades albergan ao 70% do total da poboación xitana. Son unha minoría dos xitanos españois (non chegan ao 2%) e do total da poboación galega (un 0,25%).

A situación social da poboación xitana da nosa comunidade é moi diversa e suxeita a un forte proceso de transformación. Nas últimas décadas, produciuse unha sensíbel mellora nas súas condicións de vida, propiciada polo acceso dos xitanos e xitanas aos sistemas de protección social, á vivenda pública e aos sistemas de saúde e educación.

Os aspectos que aínda están pendentes por resolver e sobre os que se debería traballar son, entre outros:

- **Situación de pobreza e exclusión social.** Un significativo número dos seus membros continúan sumidos en situacións de exclusión social, sometidos a procesos de discriminación que limitan o exercicio dos seus dereitos e o seu acceso aos recursos e aos servizos dos que desfrutan o resto dos cidadáns.
- **Problemas de vivenda, focos de chabolismo e de infravivendas.** A persistencia do chabolismo e a infravivenda, o deterioro e a degradación que sofren as vivendas e o entorno no que estas se ubican, o amoreamento ou a falta de garantías para o acceso das familias xitanas mais desfavorecidas á vivenda pública.
- **Abandono escolar prematuro e absentismo.** Aínda que a situación mellorou, seguen existindo uns niveis de fracaso e abandono escolar moi


altos. Téndese á “guetización” dos centros públicos e non se aborda a situación desde un enfoque intercultural. Cada vez é mais habitual ver escolas onde o alumnado está categorizado en nenos pobres, inmigrantes e xitanos.

• **Discriminación.** A poboación xitana é a comunidade mais discriminada por motivos étnicos ou raciais en España. Segundo o Barómetro do Centro de Investigacións Sociolóxicas (CIS) publicado en novembro de 2005:

- A mais do 40% dos españois amolaríalles “moito ou abondo” ter como veciños a xitanos.
- A un de cada catro españois (25%) non lle gustaría que os seus fillos estean na mesma clase que nenos de familias xitanas.

A Comunidade Xitana segue constituíndo un dos grupos mais vulnerables da nosa sociedade e, en termos xerais, continúan sendo as cidadás e cidadáns galegos máis excluídos social e economicamente.

Acceder ao mercado de traballo é a porta da integración social e a igualdade de oportunidades



“ O xitano que se propón algo, ten que saber que pode conseguilo ”

**Marcos Avelino Cortiñas Romeiro. Mediador Intercultural.**

Marcos ten 26 anos, está casado e ten dous nenos. Estudou Graduado Escolar para que lle abrise as portas de algún traballo. “No colexio non facía nada, o que facía era o nugallán ata que un día sentei a cabeza e pensei que se quería algo nesta vida tería que planearmo”. Despois do graduado quitouse o Carné de Vixilante de Seguranza. Fixo cursos de escaiolista, albanel - cantería e alicatado. Actualmente segue a formarse como mediador intercultural, “para mellorar a estabilidade do posto de traballo”. Traballou de albanel, de mediador intercultural e nunha tenda de electrodomésticos. Actualmente traballa para a Fundación Secretariado Gitano como mediador intercultural. “Confío en que non me falta nunca traballo”.

